

A 27 de xuño de 2003, reunidos D. Augusto Viso Alonso, Xerente da Universidade de Vigo e doutra, a representación sindical do persoal laboral de administración e servizos formada por CC OO, CIG e UGT, manifestan

1. Que con data 4 de abril de 2002 asinaron o Iº Convenio Colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo, publicado no Diario Oficial de Galicia o 6 de agosto de 2002.
2. Que a disposición adicional 5ª do Iº Convenio Colectivo recolle que “a Universidade de Vigo aceptando o principio de homoxenización retributiva do seu persoal, comprométese a facer extensiva a retribución por trienios ó persoal eventual que acredite períodos de contratación por parte desta que sumen tres anos ou múltiplos de tres. Este dereito seralles recoñecido desde o momento que se produza o acordo que faga extensiva a retribución por antigüidade ó conxunto do persoal contratado de natureza temporal”
3. Que, non obstante o anterior, para o persoal incluído no ámbito de aplicación do Convenio Colectivo é preciso adoptar un acordo de concreción do disposto na disposición adicional 5ª, pactada de mutuo acordo.

Polo que,

### ACORDAN

**Primeiro:** Os efectos da retribución por antigüidade do persoal eventual terase en conta o seguinte

*Persoal laboral temporal.*

*Logo de solicitude de recoñecemento, o persoal laboral contratado temporalmente que complete un período de 3 anos de servizos prestados na Universidade de Vigo, terá dereito a percibi-la mesma cantidade có persoal laboral fixo en concepto de antigüidade. Este concepto aboarase tanto nas pagas ordinarias como nas 3 pagas extraordinarias. Os efectos económicos serán do primeiro día do mes seguinte á data de solicitude.*

**Segundo:** O presente acordo vincula ás partes nos mesmos termos con que o fai o Convenio Colectivo, e se incorporará como anexo ó Convenio sen que resulte necesario a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro:** O presente acordo terá efectos a partir da data da súa sinatura.

O XERENTE

Por CC OO

Augusto Viso Alonso

Manuel Velasco Graña

Por CIG

Por UGT

Cándido Pérez Betanzos

José Andrés Zapiraín Fernández